

Aínda queda moito verán

No ecuador da estación máis bullangureira do ano queda aínda moito por disfrutar. Campionatos deportivos, actividades para os nenos, cinema ó aire libre, festas en moitas parroquias e outras convocatorias para vivir intensamente. **Unha das máis interesantes é un percorrido histórico polo Castelo de Santa Cruz que abre a fins de agosto. A súa protagonista principal é dona Emilia Pardo Bazán.** Páxinas 17, 18 e última



Concello de  Oleiros

Contratan varias obras na N-VI

Por fin comezan as de Nos e contratan as de Iñas
Páxina 9

Vivir en Oleiros

Número 15
Agosto de 2003
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

O Castelo de Santa Cruz prepara unha exposición sobre a súa historia / Última páxina



Novos retos Idénticos obxectivos

■ Pasadas as eleccións, hai un novo Goberno Municipal, composto por 10 concelleiros da Alternativa dos Veciños e un do Bloque, entidades que chegaron a un acordo de estabilidade. O Partido Popular, con 6 concelleiros e o PSOE, con 4, forman a oposición. **Os obxectivos serán idénticos ós da anterior etapa: continuar dando ós veciños de Oleiros os mellores servizos e xestionando un municipio exemplar, distinto e distinguido pola súa calidade. O mesmo, pero con máis tranquilidade.**

O Museo dos Oleiros agarda a túa visita

Tes á túa disposición a colección de cerámica popular máis importante de España no Centro Cultural As Torres, de Santa Cruz. É hora de que o visites.
Páxina 15



Gran actividade do alcalde ante Xunta e Consorcio

O presidente da Xunta, Manuel Fraga, e o Consorcio As Mariñas foron escenario de varias reunións para avanzar e mesmo desbloquear varios temas de interese para Oleiros. O alcalde desplegau esforzos para tratar asuntos como a Vía Ártabra, as obras do Polígono de promoción pública de Mesón da Auga, o Museo dos Oleiros e a incorporación do noso Concello ó circuito de concertos do Xacobeo. Tamén se trataron asuntos como os bombeiros ou o transporte público metropolitano, sobre o que comeza a haber avances.

Páxinas interiores

Como saber
donde
está *todo*
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 2

¿Cántos somos?



PARROQUIAS

Dexo	1.389
Dorneda	3.436
Iñás	1.181
Liáns	7.831
Maianca+Serantes	2.377
Nos	4.036
Perillo	7.047
Oleiros	2.403
Total	29.699

Os teus teléfonos

Teléfono do Veciño
 Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde, ininterrompidamente
981 610 000

Concello de Oleiros	981 610 000
Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.211
C. Recuperación fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24horas)	061
Centro de Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde S. Cruz	981 626 768

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
C. Cultural As Torres de Sta. Cruz	981 630 618
Centro Cívico de Sta. Cruz. Daniel Castelao, 5	
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nos	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 638 869
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Casa do Pobo de Dorneda	981 614 582
Casa Charry	981 631 444
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Casa da República. Rúa O Castelo. Oleiros	
Museo dos Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Pazo dos Velloso Arenaza	981 6312 40
Castelo de Santa Cruz	981 6306 18

Centros educativos

C. Formación Isaac Díaz Pardo	981 631 706
Escola Infantil Esquio / Dorneda	981 626 638
Escola Infantil A Braña / Maianca	981 617 505
Escola Infantil O Vilar / Nos	981 664 257
Escola Infantil Vilanova / Nos	981 651 417
Escola Infantil O Corgo. Av. Jiménez Herrero, 126. Dexo	
Escola Infantil O Castaño / Perillo	981 639 160
Escola Infantil A Pardela / Os Regos	981 631 788
Escola Infantil Río da Loba / Oleiros	981 611 544
Instituto Neira Vilas / Perillo	981 638 903
Instituto María Casares / Bastiaqueiro	981 626 344
Colexio Luis Seoane / Canide-Mera	981 617 130
Colexio Parqa Pondal / Sta. Cruz	981 614 967
Colexio Valle Inclán / Perillo	981 636 754
Colexio A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Iñás	981 631 240
Dorneda	981 614 111
Oleiros	981 610 700
Anxel Fole / Nos	981 664 257
Xoglar Meendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
Federico García Lorca / Montrove	981 639 515

Un concello vivo

RADIOLEIROS

101.5 FM

Fío Aberto co alcalde

Cada xoves, ás 14h, Ángel García Seoane responde ós veciños en Radio Oleiros

Chama ó **981 631 078**
 e pregunta directamente a Gelo o que queiras

Tamén informativos cada hora en punto durante a mañá + Axenda cultural cada hora (ás medias) + Seguimento da actualidade + os servizos municipais + a vida veciñal + os deportes base
E 24h de música sen complexos

Xoves, 14h. Fala co alcalde no 981 631 078

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	12ago / 10set / 10out / 9nov
Mingua	20ago / 18set / 18out / 17nov
Nova	27ago / 26set / 25out / 23nov
Medra	5ago / 3set / 2out / 1nov

Transportes

TAXI a domicilio: Tlf. 981 651 111

Aeroporto de Alvedro	981 187 200
Estación autobuses A Coruña	981 239 099
Estación FFCC San Cristobo	981 153 338

Horarios Cal Pita

1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables Ida 6,40-6,55-7,10-7,25-7,35-7,45 a 21 cada 15' - 21,30 a 22,30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' - 21,30 a 22,30 cada 30'
	Sábados Ida 7,10-7,40-8-22,30 cada 30' Volta 7,30 a 22,30 cada 30'
	Dom+fest Ida 7,10-7,40-8 a 22,30 cada 30' Volta 7,30 a 22,30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Dos Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7,05 a 22,05 cada hora Volta 7,35 a 22,35 cada hora
	Sábados Ida 8,05 a 22,05 cada hora Volta 8,35 a 20,35 cada hora
	Dom+fest Ida 10,05 a 20,05 cada hora Volta 10,35 a 20,35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Dos Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7,05 Volta 7,30
	Sábados Ida 8,05-14,05 Volta 8,30-14,30
	Dom+fest Ida 10,05-14,05 Volta 10,30-14,30
2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Dos Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16,05 Volta 16,35
	Sábados Ida 16,05-19,05 Volta 16,35-19,35
	Dom+fest Ida 16,05-19,05 Volta 16,35-19,35
3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6,55 a 20,55 Cada hora-22 Volta 6,55 a 21,55 Cada hora
	Sábados Ida 6,55 a 20,55 Cada 2 horas Volta 7,55 a 21,55 Cada 2 horas
	Dom+fest Ida 8,55-10,55-13,05-14,55 a 20,55 Cada 2 h Volta 9,55 a 21,55 Cada 2h
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6,25 a 21,25 Cada hora Volta 6,25 a 21,25 Cada hora
	Sábados Ida 6,25-8,25 a 20,55 Cada hora-22 Volta 7,25 a 21,25 Cada hora
	Dom+fest Ida 8,25 a 20,25 Cada hora-22 Volta 8,25 a 21,25 Cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6,50-7,10-13,05-7,40 a 20,40 Cada h-8 a 12 Cada h-14 a 20 Cada h-22 Volta 7,10 a 21,10 Cada hora-7,30 a 19,30 Cada hora-20,50-22,30
	Sábados Ida 8,50-9,40 a 20,40 Cada hora Volta 9,10 a 21,10 Cada hora
	Dom+fest Ida 9,40 a 20,40 Cada hora Volta 10,10 a 21,10 Cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8h - a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8,40- a Soñeiro 20,40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13,10 Volta de Soñeiro 13,50
	Sábados Ida a Oleiros 11-21,10 - Volta de Oleiros 11,30-21,45
	Dom+fest Ida a Oleiros 10,20-13,10 - Volta de Oleiros 10,45-13,35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21Cada hora - Volta 10,30 a 21,30 Cada h
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10,20 a 20,20 Cada hora - Volta 10,50 a 20,50 Cada hora

Farmacias

O servizo de urxencia está organizado entre as farmacias dos concellos de Oleiros, Cambre e Culleredo. Cada semana, corresponde o servizo nocturno ás seguintes oficinas:

TURNO 1 Están de Guardia do 22 ó 29 ago., e do 26 set. ó 3 out. A este turno pertencen:

Oleiros [Camilo D. Valiño, 1] • **O Temple**. [Costa da Tapia, 31]

TURNO 2 Están de Guardia do 29 ago. ó 5 set. e do 3 ó 10 out. A este turno pertencen:

Mera-Serantes-Lorbé • **O Portazgo-Vilaboia** • **Cebrebre**

TURNO 3 Están de Guardia do 5 ó 12 set., e do 10 ó 17 out. A este turno pertencen:

Perillo [Avda. Rosalía Castro] • **Cambre**

TURNO 4 Están de Guardia do 8 ó 15 ago., e do 12 ó 19 set. A este turno pertencen:

Nos • **Rutis** [Av. Vilaboia]

TURNO 5 Están de Guardia do 15 ó 22 ago., e do 19 ó 26 set. A este turno pertencen:

Santa Cruz [Avda. Concepción Arenal] • **O Burgo**

Servicio permanente: Sigrás-Cambre e Tarrío-Culleredo

Servizos Varios

— Veterinarios
 Santa Cruz 626310
 Gayacan 660335 /Vilanova
 Salud Animal 631651 /Os Regos

— Maquinaria de construción
 J.Barreiro 635474 /Oleiros

— Reparación coches e bicis
 J. Galán 610710 /Oleiros

— Fontanerías
 A.Taibo 614529 /Sta.Cruz
 A.Guillín 631567 /Oleiros
 J.Arca 617591 /Maianca
 J.A.Barros 626689 /Dorneda
 J.Costa 635735 /Sta.Cristina
 A.Dominguez661108 /Nos
 S.Fernández 638214 /Perillo
 Fonelec 662744 /Nos
 C.Suarez 638400 /Perillo
 J.García 610339 /Oleiros
 S.García 611039 /O Carballo
 F.J.Gruero 636092 /Sta.Cruz

M.C.López 637010 /Sta.Cruz
 A.Martínez 611317 /Oleiros
 R.Mesias 660884 /Nos
 J.Novo 908084450 /Oleiros
 J.Pardo 631127 /Dorneda
 R.Pol 635325 /Perillo

— Instalacións eléctricas
 E.F.Orró 908584277 /Mera
 R.Pol 635325 /Perillo
 J.L.Rodríguez 626270 /Dorneda
 A.Vian 637254-908584691 /Perillo

— Albanelería
 J.M.Alvarez 617788 /Serantes
 A.Arevalo 617243 /Dexo
 J.Bao 635617 /Perillo
 A.Barreiro 617887 /Maianca
 F.Beltran 628373 /Lorbe
 J.M.Bias 635811 /Perillo
 J.Cagal 662449 /Oleiros
 M.C.Carballo 631578 /Nos
 Gomaño 666387 /Oleiros
 O.Bravo 908586979 /Sta.Cruz
 J.M.Fernández 614990 /Arillo

F.Fernández 636078 /Perillo
 E.Fernández 636572 /Perillo
 J.Fernández 614919 /Dorneda
 J.Fernández 617720 /Dorneda
 L.Gacio 636587 /Perillo
 A.García 618190 /Serantes
 V.García 661448 /Nos
 M.Illanes 614356 /Dorneda
 D.Lamas 631356 /Oleiros
 A.Lastres 908586296 /Dorneda
 J.D.López 617411 /Mera
 J.D.López 626082 /Santa Cruz
 F.Mañana 615298 /Arillo

J.L.Martínez 636034 /Perillo
 A.Mato 667682 /Nos
 J.Mirón 618119 /Mera
 V.Naya 617096 /Mera
 M.Novo 610830 /O Carballo
 A.Otero 631344 /Oleiros
 J.Pampin 635920 /Perillo
 J.L.Prego 626147 /Dorneda
 J.A.Prieto 610181 /Oleiros
 F.Recarey 617503 /Oleiros
 J.M.Rodríguez 610746 /O Carb.
 J.R.Sánchez 664599 /Nos
 F.Sánchez 610779 /Iñás

L.Siso 617461 /Mera
 M.Siso 617467 /Mera
 R.Suarez 615239 /Dorneda
 A.Sueiro 614849 /Dorneda
 A.Uzal 908581521 /Rialta
 M.Vallo 610812 /Oleiros
 F.Vazquez 614927 /Santa Cruz
 M.Vidal 631015 /O Valiño
 M.Vieito 610060 /Oleiros

— Notarios
 R.Benzo 611506 /Oleiros

— Herbolisterías
 La Fresa Silvestre 637118 /Perillo

— Masaxes-SPA
 Agua de Sta. Cristina 637303 /Perillo

— ATS-Fisioterapeutas
 M.Miranda 638633 /Perillo
 J.L.Sanchez 638234 /Perillo

Por favor, se detecta algún erro ou a carencia dalgunha información, comuniquenolo para poder subsanalo.



Alternativa dos Veciños / Ángel García Seoane

Coa enerxía e as ganas do primeiro día

Comenzamos unha nova lexislatura cheos de ilusión para conquistar os obxectivos que nos marcamos a través do programa que vos fixemos chegar ás vosas casas.

A ilusión, á que persoalmente lle teño que acompañar unha inmensa gratitude a todos os que fixestes posible o meu regreso como Alcalde a través do amplo apoio que prestachedes ó noso Grupo da

Alternativa dos Veciños, incentivará ó grupo humano de homes e mulleres que desde hai moitos anos estamos a construír o Oleiros que hoxe disfrutamos e que queremos mellorar coas novas infraestruturas, equipamentos e infinidade de actividades sociais e culturais a desenvolver.

Como Alcalde, e dada a singularidade do noso Concello, con tantas localidades importantes

e a forte dispersión da poboación nos 92 núcleos que compoñen o territorio Oleirense, deleguei case a totalidade das competencias nos 10 concelleiros que compoñen o Goberno.

Ditas delegacións, convirten ós citados concelleiros en Alcaldes en cada unha das súas áreas.

Con esta medida pretendemos, unha atención máis rápida ós veciños. Os concelleiros

atenderanvos tódolos días nas oficinas municipais.

Eu, pola miña parte, e como xa estou a facer, adicareime a conquistar, nas distintas administracións autonómicas e do Estado, as infraestruturas esenciais e vitais para o futuro inmediato como son: os novos viais locais e comarcais, a construción de paseos costeiros, infraestrutura universitaria, saneamento integral da

ría do Pasaxe, novas construcións escolares, deportivas e sociais...

Pero esta dedicación a tan importantes temas, non me impedirá estar atento ás entrevistas que sexan necesarias con colectivos veciñais ou con cidadáns que a importancia dos asuntos a tratar requira da miña presenza.



O Grupo Municipal Popular desestimou a invitación de comunicarse cos lectores de Vivir en Oleiros realizada pola Alcaldía, tal como demostra esta carta do Gabinete de Comunicación do Concello e recibida polo Grupo.

Lamentamos non poder ofrecerlles esta estimada colaboración.



Partido Socialista Obrero Español / Grupo Municipal Socialista

PSdeG-PSOE: unha oposición constructiva para mellorar Oleiros

O pasado 14 de xuño tomaba posesión a nova corporación Municipal na que os socialistas contamos con catro concelleiros fronte ós tres da pasada lexislatura. Aumentamos en 1.006 o número de votos, o que supuxo o 55% máis que os obtidos en 1999.

Este importante incremento, que agradeceremos ós veciños, non foi suficiente para acadar o noso obxectivo: gobernar Oleiros. Ángel García Seoane acadou a Alcaldía, incumprindo a súa promesa de abandonar a política se non

sacaba maioría absoluta, co apoio do BNG, que conta cun só concelleiro. O PSdeG-PSOE mantén o seu compromiso de traballo serio e rigoroso en defensa das necesidades colectivas de Oleiros e das lexítimas reivindicacións de cada un dos seus veciños. Unha democracia plena precisa do traballo do goberno e tamén da oposición, cada un no seu papel. Faremos unha oposición tan constructiva como contundente, esixindo respecto a cada un dos dereitos dos cidadáns e dos grupos políticos que os

representan.

Apoiaremos ó goberno nas xestións de mellora da rede viaria, do transporte público, da educación, dos servizos públicos, e tódolos temas que sexan bos para os veciños de Oleiros. Pero tamén denunciaremos cada exceso ou actuación que consideremos inxusta.

Pola contra, o Goberno empeza esta nova lexislatura con proxectos excluíntes que en nada benefician o xogo democrático. A modificación do Regulamento Orgánico do

Concello de Oleiros e dos Estatutos da Fundación Municipal de Cultura foron dúas decisións do novo goberno que recortan transparencia e dereitos á oposición: menos democracia para dificultar que a oposición fiscalice o labor de goberno. Tal como lle dixemos no Pleno de constitución da nova Corporación Municipal: "Que traballen con esa maioría e que adopten tódalas decisións que consideren oportunas, pero que non escondan nin un só papel. Que gobernen

desde a transparencia.....".

Afortunadamente, pese á inclinación escurantista do goberno municipal, a Constitución Española e a Lei de Bases son a garantía para que os socialistas podamos realizar tanto o labor de control do goberno como cantas propostas consideremos oportunas en defensa da calidade de vida dos nosos veciños. Con este obxectivo comezamos a nova lexislatura, con toda a ilusión de ser útiles ós cidadáns.



Bloque Nacionalista Galego / Isaac Rebolo Osório. Responsábel de Organización

Un pacto por Oleiros

O pasado 25 de Maio o povo de Oleiros decidiu a súa representación para os vindeiros catro anos. As compañeiras e compañeiros que formamos o BNG de Oleiros tiñamos diante de nós unha decisión difícil, e, no que consideramos un alarde de responsabilidade, acordamos dotar ao noso concello do que

viña necesitado desde hai xa moito tempo, estabilidade institucional. Foi este un pacto aberto e limpo (pode-se consultar na páxina web do BNG comarcal, www.bng-galiza.org/comarcaacoruna), no que procuramos dotar ao Concello de estruturas que achamos moi necesarias. Con este acordo,

Oleiros gaña estabilidade e erradica, polo tanto, as convulsións políticas de pasadas lexislaturas, transfuguismos e acordos contranatura; e posibilita avanzar ao longo de catro anos para beneficio das veciñas e veciños.

Agora, desde as Concellerías de Xuventude, Deportes e

Turismo, propoñemo-nos amosar o xeito diferente de facer política que caracteriza ao BNG alí onde goberna; unha política máis apegada á xente, máis limpa e traballada, en definitiva, unha política destinada a conseguir un Oleiros mellor nunha Galiza mellor e máis forte.

Novos bombeos baixo a Pasaxe e Bastiagueiro e mellora do de Santa Cruz

Concello e Xunta melloran os bombeos de fecais

■ *Por fin, eliminada a depuradora de Mera*

O alcalde e o conselleiro de Medio Ambiente asinaron un convenio para invertir 2.174.000 euros na construción de novos macrobombeos en Bastiagueiro e na Pasaxe, e a mellora do de Santa Cruz.



Tamén ven de entrar en funcionamento o novo bombeo de Mera, o que permite prescindir da veterana depuradora que tanto fixo sofrer nos últimos anos ós veciños. Tamén se realizan obras en tres bombeos do litoral.

Por outra parte, o alcalde asinou un convenio a co conselleiro de Medio Ambiente, José Manuel Barreiro, para mellora-los bombeos de Bastiagueiro, A Pasaxe e Santa Cruz. Neste acordo participaron tamén os alcaldes de Cambre e Culleredo, así como o responsable da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos, Emilio García Gallego.

Segundo o texto do Convenio, longamente agardado polo

Concello, repararanse os bombeos para facer fronte ó elevado incremento de poboación rexistrado nos últimos anos, que non foi parella á actualización destas infraestruturas.

Actualmente, as instalacións soportan un elevado caudal de auga residual, orixinando un funcionamento en continuo da maquinaria, o que leva a rexistrar frecuentes avarías e alivios incontrolados, que desgraciadamente van dar ó mar.

O bombeo de Santa Cruz dotarase de maior capacidade operativa, sobre todo para soporta-lo fluínte que procederá da nova rede do norte, que entrará en servizo cando se peche definitivamente a depuradora de Mera.

Tamén se reforzará

o de Bastiagueiro, que se trasladará da zona da praia cara ó interior, e sobre todo se ampliará e modernizará a instalación onde conflúen a maior parte das augas residuais domésticas do Concello e parte de Cambre, baixo a Ponte da Pasaxe, desde donde se impulsa o refugallo cara á estación depuradora mancomunada de Bens.

As tres obras a realizar en Oleiros supoñen un investimento de 2.174.771 euros, do que a maioría (1,8 millóns) será investido durante este ano, e 374.771 durante o 2004. As obras necesarias serán contratadas pola Empresa Pública de Servizos Hidráulicos da Xunta de Galicia, e contan con subvención da UE.

Limpa-las fincas abandonadas

O Goberno Municipal advirte un ano máis sobre o risco ó que se expoñen os propietarios de fincas particulares que non obedecen a normativa municipal de decoro e mantemento dos terreos. Ofrécense multas para os non cumpridores.

Son varias as denuncias que se veñen recibindo no Concello tanto por parte de veciños como de entidades públicas, que mostran a súa preocupación polo estado de abandono que presentan algúns solares ou fincas con maleza que desborda a súa superficie.

Esta nova advertencia pública coincide cunha nova xeira de revisións que se realizarán por todo o territorio municipal, localizando aquelas fincas que presenten peor estado, e estudando o estado real das propiedades directamente denunciadas, para aplicarlle-la normativa e estudar posibles sancións.

Ademais das multas propiamente ditas, aqueles propietarios que reiteradamente non cumpran as súas obrigas, terán que abona-lo importe dos traballos que o Concello realice para deixa-las en bo estado.

Coida-lo mobiliario urbano

O Concello advirte ós representantes das promotoras de espectáculos (sexan públicas ou privadas) que se tomarán medidas sancionadoras contra quen utilice o mobiliario urbano para fixar carteis.

O dano que se infunde ás marquesinas é moitas veces irreparable, porque o engrudo utilizado obriga a cambia-los vidros que quedan deteriorados. E cando non é así, hai que destinar considerables esforzos a restituilo decoro.

Cando os carteis se fixan enriba dos contedores de lixo impiden ve-la información sobre os residuos que éstos conteñen, causando un perxuízo ó sistema de recollida selectiva.

Solo para 67 novas vivendas

Nova subasta de solo para vivendas

Ata o 26 de agosto pode participarse na subasta de 11 parcelas para construír vivendas unifamiliares dous edificios plurifamiliares.

As Unifamiliares

Trátase de 11 parcelas urbanizadas ubicadas en dúas urbanizacións. Na segunda fase das Galeras (entre Bastiagueiro e Santa Cruz) subástase solo para 6 vivendas, e na Urbanización As Pardelas, en Oleiros, poderán edificarse 5 vivendas en cadansúa parcela.

As Plurifamiliares

Son fincas que saen a subasta para construír vivendas en pisos nas urbanizacións do Carballido (Perillo) e A Cova (As Torres-Oleiros).

Na primeira delas construírse un edificio de 32 vivendas de protección autonómica, cabo da nova avenida que decorrerá Perillo entre A Nirvana e o Alto de Perillo, e tamén ó lado da nova Piscina Municipal.

A segunda finca, ubicada na urbanización A Cova (Oleiros), entre o núcleo de Oleiros e Soñeiro, dará para construír 24 vivendas tamén de protección autonómica.

A recuperación do borde litoral de Mera mellorará o aspecto urbano da localidade

Cerámica para pisar

Un pavimento de cerámica. Eso é o que se está instalando en Mera estes días, mentres se dan os pasos urbanísticos imprescindibles para completa-lo paseo ata Espiñeiro.

■ *O Paseo de Mera homenaxea co seu pavimento á telleira que lle deu carácter a principios do século XX*



Despois de barallar varias alternativas, tomouse a decisión de empregar material cerámico para pavimenta-la franxa litoral de mera.

Ademáis de aportar orixinalidade, resulta toda unha homenaxe á actividade industrial que alá polos primeiros anos do século XX deu carácter a Mera: a súa telleira, da que por fortuna se conservan vestixios tan importantes como a lagoa, a chimenea e a vella Casa da Administración, convertida en Escola Infantil.

As lóxicas molestias que ocasionan as obras veránse longamente recompensadas co resultado final. Chegar a Mera ou atravesala non deixará indiferente a ninguén, xa que a cor roxiza da cerámica, o paseo de madeira, e a nova iluminación farán do litoral meracho un lugar útil e agradable, cun senlleiro carácter urbano.

A pavimentación do espazo será homoxenea para reforza-la sensación visual de amplitude, e non existirán as tradicionais aceras,

senón espazos acotados por pivotes, para garanti-la seguridade vial.

Ademáis, a cerámica ten unha calidade e dureza especial, e foi fabricada tres tons distintos para marcar cenefas, pasos peatonais e outras necesidades.

A pavimentación comezou tanto pola Praza de Miramar como polo borde das terrazas, a Escola Infantil e a entrada ó Parque da Lagoa, e está a realizarse en paralelo ás necesarias canalizacións de gas natural e fibra óptica.

O espazo da depuradora tamén será parque

Máis terreos para o Parque da Lagoa

A ampliación do Parque da Lagoa de Mera está cada vez máis próxima. Este importante espazo natural cheo de patos, ocas e cisnes, quedará ampliado por dúas zonas.

Primeiro, na zona da Casa do Mar, coa incorporación do terreo que agora ocupa a depuradora, instalación que se elimina. Ademáis, unha cesión na zona permitirá ampliar ese espazo e conectalo coa Av. Curros Enríquez.

Por outra parte, o espazo medrará gracias ó Plan Parcial que ven de apro-

bar o Pleno, relacionado coa construción de 13 vivendas no borde da Av. Tierno Galván, consecuencia do que pasarán a propiedade municipal uns 20.000 m² da zona húmida do Río Xientiña que servirán para amplia-la superficie do Parque.

O Goberno Municipal recuperará as zonas degradadas polas obras do bombeo e replantarán dúcias de árbores e prantas acuáticas nas zonas afectadas polas plagas, que fixeron secar unha gran parte das árbores desta zona.

■ *Unha gran zona húmida de 20.000 m² incorpórase ó parque*

Xa temos espacio en Iñás para novas empresas

O Pleno aprobou definitivamente o Plan Parcial do Polígono de Iñás, que ocupará ámbolos marxes da N-VI ó seu paso pola parroquia, e boa parte da estrada que une o cruce de Arenaza con Oleiros, ámbito no que xa se atopa o Punto Limpo.

Hai xa varias empresas interesadas en instalarse no novo polígono. Son grandes compañías que pertencen ós sectores de ocio, e medio ambiente e xardinería, e ocuparán espazos que abranguen uns 100.000 m².

Gracias a este desenvolvemento, a parroquia recupera un importante pulmón verde duns 80.000 m² na zona do río, que constituirá o gran Parque Fluvial de Iñás. Tamén está previsto que o polígono albergue un viveiro de empresas para fomenta-las posibilidades de éxito dos novos emprendedores. A área industrial é a segunda do municipio, despois de Icaria. Alí instalaránse industrias limpas que aproveitarán a súa proximidade á N-VI como escaparate para os produtos que alí se poidan comerciar ou fabricar.

Agárdase que en paralelo á construción do novo polígono Fomento decida executar a importante obra de eliminación do cruce de Arenaza, no Campamento. Segundo o proxecto, elaborado polo Concello e entregado a Fomento (propietario da estrada), os vehículos que circulan entre Cambre e Oleiros pasarán por baixo da N-VI, polo que quedaría eliminado o semáforo actual. As conexións entre unha e outra vía realizaríanse gracias ás novas rúas que crea o Polígono Industrial.

Concedeuse unha licenza en precario para construílos sotos das vivendas



Parece que por fin arrancará Mesón da Auga

Dias pasados concedeuse unha licenza provisoria para que fosen construíndo os sotarragos dos edificios de Mesón da Auga ó mesmo tempo que constrúen rúas e canalizacións. Foi un dos acordos ós que chegaron o alcalde e o presidente da Xunta nunha xuntanza celebrada en Santiago.

A controvertida urbanización, que leva 5 anos de retraso, chegou á mesa do presidente da Xunta de Galicia, gracias a unha entrevista solicitada polo alcalde, Ángel García Seoane, para urxirle que tomase cartas no asunto.

Despois de revisar unha documentación na que Xestur eximía as súas culpas como

xestora da urbanización — informe co que o Concello non está de acordo e que responderá con datos máis precisos—, o alcalde e Fraga quedaron en mirar ó futuro e tratar de desbloquear a situación, xa que o que realmente importa é que as case 200 familias que se beneficiarán desta promoción poidan acceder canto antes á propiedade das vivendas.

Manuel Fraga comprometeuse a dar as instrucións oportunas para que nada volva a retrasalo polígono.

Días antes, o alcalde estivera reunido cos responsables de Xestur e o delegado de Obras Públicas na Coruña, que quedaron en rematar de inme-

diato os trámites previos á construción que tiñan que resolver, como os proxectos definitivos, licencias, etc.

Gelo conseguiu un importante compromiso: que, se houbera máis retrasos polas razóns que fosen, os representantes autonómicos garantirían que cando saian á venda os pisos, se tome como prezo o vixente durante este ano 2003.

Agardemos que a obra —que xa está empezada— remate canto antes, porque hai moitos veciños pendentes dela.



Un espacio que completará a trama urbana

Meixonfrío, en Santa Cruz, vai tomando forma

É un espacio de Santa Cruz entre a igrexa nova e a urbanización Galeras donde actualmente se fan as festas do Santísimo. Nos próximos anos veremos cómo se transforma.

Trátase dunha urbanización promovida polo Concello para consolidar ese importante entorno urbano no que se facían as festas da localidade.

A zona leva edificacións de baixo e 2 prantas, construídas entorno a dous amplos bulevares, na liña do urbanismo humanista que promove o concello. Terá unha saída ó mar, xa que a zona verde déixase caer cara ó paseo marítimo, ó que chega perto do hotel Porto Cobo.

As zonas de parque tamén permitirán unha maior visibilidade da Igrexa nova de

Santa Cruz, obra de trazo contemporáneo do arquitecto Miguel Fisac.

As novas vías públicas conectarán a trama urbana tradicional (rúas Praia, María Soliña, Díaz Valiño), coas novas vías da segunda fase de Galeras, xa en moi avanzado estado de construción.

O conxunto da urbanización ten 58.000 m² nos que se construírán vivendas unifamiliares e outras en pisos, algunhas delas de prezos protexidos. Dese espacio, 19.500 m² resérvanse para zonas verdes e 6.000 para novos equipamentos.



Aceras, edificios, infraestructuras... para mellora-la calidade

Chega o gas natural a Arillo e Oleiros

As tuberías de gas natural están a piques de chegar a Arillo (en Dorneda) e a Os Regos e Oleiros, grazas á ampliación das redes que está a realizar Gas Galicia, a empresa concesionaria deste importante servizo que aumentará a comodidade de moitos fogares.

A Urbanización Rialta beneficiase dunha rede de 2.344 m lineais que parte da Avenida do Mar e percorre o interior da parroquia polos núcleos de Sisaldo, Aguarrío e Rialta. En concreto, a tubería decorrerá polas rúas Aguarrío, A Chave, As Cebolas, O Cruceiro, A Portela, Castranelas, As Viñas, As Abeleiras e as da urbanización Rialta, arredor da praza Nicolás Redondo.

Os veciños de Os Regos e Oleiros poderán beneficiarse da rede que será construída ó longo das avenidas Rosalía Castro e Francisca Herrera, desde Montrove.

En total, algo máis de quilómetro e medio para conducir este importante servizo a núcleos de poboación considerables, como a zona urbana da parroquia de Santa María de Oleiros e a urbanización dos Regos, a máis grande do Concello. Tamén se beneficiarán a urbanización Lamastelle, o novo xeriátrico Agarimo e futuros conxuntos urbanos como A Pezoca ou os que se están construíndo na zona de Miguel Hernández.

Tamén dentro das obras do Paseo Marítimo de Mera instálanse tuberías de gas que darán novos servizos ós veciños desta localidade.

Novos xogos infantís en colexios e parques

Parques e colexios beneficiáronse recentemente da instalación de cinco novos xogos para diferentes idades de etapa infantil.

Coma sempre, fóron realizados nos propios talleres municipais do Centro de Formación Isaac Díaz Pardo, e posteriormente instalados nos colexios Luis Seoane de Canide, Parga Pondal de Santa Cruz, e A Rabadeira, de Oleiros.

Tamén se instalaron novos xogos nos parques de O Seixal e Os Regos.

Varias obras para a conducción de auga

Tres obras hidráulicas fóron contratadas recentemente polo Concello. Enlaces de diversos tramos coa tubería xeral da rede de auga en Oleiros, un novo caudalímetro na entrada de auga ó depósito da Edreira (tamén en Oleiros) e a renovación dun tramo de tubería na rúa Mahatma Gandhi en Nos costaron en conxunto uns 33.000 euros.

No verán non paran as obras

Unha morea de obras públicas están acometéndose estes días en todo o territorio municipal. Entre as que máis se notan están as relacionadas coa seguridade viaria e construción de aceras, pero hai outras.



Luces e ambientacións

Varios ámbitos públicos verán mellorado o seu aspecto grazas ás últimas contratacións de obras municipais.

As suxestivas ruínas do vello Pazo da Capela mellorarán o seu aspecto nocturno grazas a unha nova iluminación que costa case 19.000 euros. Tamén mellorará o alumeado do Parque da Liberdade, en Nos, por un valor de case 29.000 euros.

A barandilla metálica e as farolas do Paseo de Santa Cruz serán pintadas, polo que o Concello pagará 8.700 euros.

E por último, diversas obras de urbanización e acondicionamento exterior da nova Escola Infantil As Galeras fóron adxudicadas por un importe de 30.000 euros.



As obras de adecuación do entorno do Colexio Cristo Rey, na intersección de Miguel Hernández e Carlos Maside, no Carballo (Nos) traerán consigo a desaparición deste edificio para mellora-la conexión desta vía coa Av. das Mariñas (N-VI). Tamén se mellorará a seguridade peatonal en todo o treito, coa construción de aceras. Sobre este proxecto e a nova glorieta do Cristo Rey informabamos con detalle no anterior número de Vivir en Oleiros.

Importantes obras como a conversión do Cuartel de Mera en Auditorio municipal ou a restauración da Casa Guyatt para mellora-los servizos da Fábrica están marcando o verán.

Tamén está en curso o novo edificio do Concello, que rematará o 30 de setembro, e a conversión do Faro de Mera en centro de interpretación da natureza.

Píntase o exterior do Centro Cultural As Torres e das Casas do Pobo de Mera e Liñas.

En Dexo está rematando a urbanización do Campo da Festa de Dexo no entorno da nova Casa do Pobo. Tamén o Campo da Festa de Nos, donde se constrúen novos terreiros.

En curso están tamén o cemiterio de Dorneda, e un Local social no campo de fútbol do Hércules de S Pedro, a urbanización As Galeras, a reforma integral do Valiño e a reforma dos setos da Av. Che Guevara

As principais aceras e/ou arcéns que se están construíndo son As Pedras-Montrove, na ruta de Perillo a Montrove; Rialda-Lucín-As Pedras, en Perillo; A Pezoca-Xubín (Oleiros); Liáns-Montrove (Liáns); Celso Emilio Ferreiro (estrada do Faro de Mera, en Serantes) e Oleiros-Sta. Cruz (Avenidas Venezuela e A Ferrala).

A renovación das corporacións inflúe na organización comarcal

Gelo, en varias comisións

O alcalde participará activamente no Consorcio como membro de catro comisións informativas das que se compón o organismo supramunicipal. Son as de Facenda e réxime interior, a de Infraestruturas, a de Contas e a de Transportes.

Gelo tamén traballará arreo, dirixindo os servizos municipais nos asuntos de programas europeos, medio ambiente, servizos, servizos sociais e cooperación.

Novo impulso ó Consorcio

O Plan Viario Comarcal, a posta en marcha do novo Parque de Bombeiros e o transporte público son os temas centrais que impulsará o Consorcio das Mariñas na súa nova etapa, na que figura como vicepresidente o alcalde, Ángel García Seoane.



■ Temos que conseguir que funcionen dunha vez os bombeiros das Mariñas, que xa teñen edificio

Nos días previos á elección dos directivos deste órgano de xestión metropolitano, Gelo presentaba a súa candidatura para a presidencia, retirada posteriormente en aras do consenso e a concordia.

O xesto do alcalde de Oleiros tiña un valor simbólico: a acción do Consorcio ten que ser máis intensa de cara a resolver problemas que non acaban de albiscar solucións por parte da Xunta ou a Deputación.

O organismo que agrupa ós nove concellos da comarca debe facer valer a súa voz e influencia con máis valentía, e non limitarse a ser un simple órgano de xestión.

Despois da renovación directiva, os alcaldes mantiveron xuntanzas tanto co presidente Fraga como co conselleiro de Obras Públicas, Alberto Núñez Feijóo, para tratar expresamente asuntos pendentes como o Plan Viario, o saneamento integral da ría ou o transporte público metropolitano.

Precisamente este último asunto é o que máis abandonado está por unhas administracións que non cren noutro modelo de xestión que non sexa o de mirar unicamente a rendibilidade das empresas de autobuses.

A Xunta, que ten as competencias, debe impoñela súa autoridade e favorecer un transporte de calidade entre a capital e os municipios da ría que medran en poboación e son a expansión natural da Coruña.

O caso do Parque de Bombeiros, co edificio xa construído, é sintomático: por razóns burocráticas Xunta e Deputación non acaban de poñelo en funcionamento e a área metropolitana máis próxima á Coruña está sen servizo, e encima aguantando as agresións verbais que proveñen de cando en vez do alcalde da Coruña, impedindo ós seus bombeiros saír (cobrando, por suposto) da cidade.

O caso do Parque de Bombeiros, co edificio xa construído, é sintomático: por razóns burocráticas Xunta e Deputación non acaban de poñelo en funcionamento e a área metropolitana máis próxima á Coruña está sen servizo, e encima aguantando as agresións verbais que proveñen de cando en vez do alcalde da Coruña, impedindo ós seus bombeiros saír (cobrando, por suposto) da cidade.

Aínda é un simple proxecto, pero parece que algo se move

Un avance do futuro transporte público

Aínda está moi inconcreto, pero a Xunta ven de presentar un Plan de Transporte Público a través do que por fin parece que vai exercer as súas competencias na materia.

A relaxación da Xunta de Galicia neste tema desesperaba a moitos veciños, que ven como entre os caprichos e comenencias do alcalde da Coruña e a falta de autoridade da Xunta, o transporte público metropolitano presenta un panorama lamentable.

A aspiración veciñal, compartida polo Concello de Oleiros, de contar cun sistema máis eficiente e integrado de transporte público metropolitano está máis perto de se conseguir.

O alcalde vai reunirse co

director xeral de Transportes da Xunta para coñecer máis profundamente os plans autonómicos, pensados para toda Galicia, pero que teñen especial relevancia nas áreas metropolitanas como a nosa, cunha poboación de case medio millón de habitantes.

Agárdase que o importe dos traslados non sexa superior ó actual, e tamén que tódalas administracións — Xunta, Deputación e Concellos — se impliquen na organización do servizo público de transporte de viaxeiros.

O billete único, a integración das liñas, a información, novos itinerarios, marquesinas, intercambiadores de liñas e incluso carrís exclusivos para autobuses son algúns dos conceptos que manexa este proxecto autonómico co que por fin parece que haberá boas novas para os cidadáns que utilizan ou aspiran a utilizar este servizo.

A renovación das corporacións inflúe na organización comarcal

A Xunta anuncia por fin o desbloqueo da Vía Ártabra

O conselleiro de Obras Públicas, Alberto Núñez Feijóo, comprometeuse cos alcaldes da comarca a sacar antes de fin de ano a información pública o proxecto da Vía Ártabra. Foi un logro dos alcaldes da comarca unidos para sacar adiante esta importante estrada.

Os alcaldes chegaron coordinados tras diversas xuntanzas para desbloquea-lo Plano Viario Comarcal da Mancomunidade da Coruña.

Os alcaldes de Sada, Cambre, Abegondo, Culleredo e Oleiros reuníronse con técnicos dos seus respectivos municipios para consensuar unha opinión conxunta darrador do proxecto e expoñerla ó Conselleiro. Unha entrevista que o alcalde de Oleiros impulsou para reaviva-lo Consorcio As Mariñas e obter prazos estimados sobre a execución deste importante proxecto, no que se confían as solucións ó tráfico que conflúe en Perillo e A Pasaxe.

Estímase que co impulso á Vía Ártabra, lograremos unha infraestrutura básica para o desenvolvemento do Concello e a finalización dos constantes agobios de tráfico.

A Vía Ártabra é unha das estradas de alta capacidade previstas no Plan. Afecta sobre todo a Oleiros e Sada, xa que corre pola fronteira entre os dous territorios, entre Lorbé e Iñás, para conectar a península mariñana

coa rede de autoestradas.

Por eso, Gelo entablou tamén contactos específicos co novo alcalde de Sada, Abel López, para facer un fronte común de reivindicación da Vía, unha estrada que tanto beneficiará ós veciños do norte do Concello (Dexo, Lorbé, Serantes, Maianca e Dorneda), como ós das parroquias sadenses de Carnoedo, Meirás, Veigue, Soñeiro,

Espíritu Santo, Mosteirón, O Castro e a capital. En Cambre dará servizo a Pravio, Cecebre e outras parroquias.

Tamén se considera unha infraestrutura básica para o desenvolvemento do porto pesqueiro de Lorbé, que no medio prazo se convertirá ademais nun importante referente turístico e deportivo.



■ *O antigo alcalde de Sada boicoteara a vía, pero o actual sumouse ó proxecto con Oleiros*

Sada:
Moncho ya no es mucho

Estas eleccións supuxeron un feito moi trascendente para Oleiros: os veciños de Sada diron un volco ó municipio elixindo unha maioría cun novo talante.

Ramón Rodríguez Ares (Moncho) mantíña Sada aillada dos procesos de cooperación municipal, a diferenza doutros alcaldes do PP, como os de Arteixo ou Abegondo, entusiastas defensores da acción municipal conxunta na comarca.

Esta postura de Sada era especialmente perxudicial para Oleiros, xa que compartimos con eles a península mariñán e gran parte da nosa fronteira.

O actual alcalde, Abel López, do BNG, levantou o boicót de Moncho á Vía Ártabra e mostrouse partidario de estudar con Oleiros solucións conxuntas.

Novo anuncio de mellora para a N-VI, froito da presión veciñal

As obras do cruce, para o futuro de Iñás

■ *O proxecto fora redactado polo Concello e entregado a Fomento*

■ *Esta importante obra era reclamada desde hai anos por Concello e veciños*

Pasaron xa varios anos desde que o Concello presentou este proxecto de obra para mellora-lo cruce de Arenaza, en Iñás. Agora, Fomento saca a concurso as obras, que deberán estar rematadas 9 meses despois da súa contratación.

A vía que une Oleiros con Pravio e Cambre decorrerá por baixo da N-VI, e os accesos entre as dúas vías quedarán incorporados ó novo sistema viario do Polígono Industrial de Iñás, que está próximo a construírse.

A obra costa case dous

millóns de euros e estímase que o proceso de adxudicación esté rematado a fins de ano.

Ademais de provocar unha circulación máis fluida no cruce de Iñás, a nova configuración da Avenida das Mariñas ganará en seguridade peatonal, xa que na obra se inclúe unha pasarela peatonal e novos sistemas de iluminación e aceras.

Este anuncio de Fomento completa a recente contratación das obras dos dous cruces de Nos: o do Seixal e o do Clube de Tenis, ademais

do acceso ó Graxal. As obras nestes tramos xa comezaron e deben rematar, segundo a previsión, en 9 meses.

Hai algúns días, Fomento anunciou tamén a reforma do tramo da N-VI na zona de Espíritu Santo, que aínda que non afecta ó noso territorio municipal, sen dúbida suporá unha mellora apreciable por moitos veciños que utilizan eses cruces hoxe tan perigosos.

O pacto entre Alternativa e Bloque para conforma-lo Gobierno Municipal permite unha xestión tranquila e estable

O novo Gobierno Municipal é o aspecto de maior significado da etapa aberta despois das eleccións. O pobo de Oleiros revalidou a súa confianza na Alternativa dos Veciños (10 concelleiros), seguida do PP (6), PSOE (4) e BNG (1). Un pacto entre Alternativa e Bloque conforman a maioría absoluta da Corporación e garanten un clima de estabilidade para o futuro do municipio.

As eleccións volveron a poñer a cada un no lugar que lle corresponde na política local. A clara maioría da Alternativa dos Veciños, que se impuxo por primeira vez en todas as parroquias, non lle chegou para formar un goberno en solitario, polo que tivo que apoiarse nun pacto co único concelleiro do Bloque.

O acordo entre a dirección comarcal do BNG e Alternativa deu como resultado que o concelleiro Antón Tenreiro asuma o goberno das áreas de Turismo, Xuventude e Deportes, así como a política lingüística municipal.

O proceso negociador foi tranquilo e transparente, tanto entre os negociadores como entre a oposición, que non agardou os primeiros 100 días de gracia para atacar ós recién elixidos.

O mesmo Pleno de investidura serviu para que o representante do PP, Pablo Cobián, destacase a caixa dos tronos, especialmente contra o Bloque por integrarse no goberno.

Na segunda xuntanza plenaria foi o socialista Luis Vázquez, quen pretendeu sementa-las dúbidas sobre un acordo que rescataba para os órganos de xestión as competencias que por lei lle corresponden.

A recuperación da normalidade institucional despois dun período electoral, leva máis tempo, pero neste caso foi moi rápida gracias á continuidade dos gobernantes e a ter aprobado o Presuposto deste ano antes das eleccións, para facelo operativo xa.

O Gobierno Municipal

Ángel García Seoane Alcalde

Un Concello da magnitude do noso necesita que o alcalde se dedique a moitas tarefas fóra do seu despacho. Negociar beneficios para Oleiros será a súa principal actividade, polo que **si desexas tratar algún asunto municipal, serás recibido polo concelleiro correspondente**, todos con dedicación exclusiva ó Concello. Gelo estará cando sexa necesario intervir en calquera tema, pero serán os concelleiros do Gobierno Municipal os que atendan en primeiro lugar a cada veciño que desexe tratar un asunto. O alcalde delegou competencias e firmas neles, que están ó teu servizo para calquera cousa.

Aquí tes os seus nomes e teléfonos para localizalos calquera día da semana.



Manuel Fernández Siso

Urbanismo e Obras Particulares

Contacto: Casa do Concello
Tif. 981 610 000



Mª José Varela Neira

Interior e Gobernación

Contacto: Casa do Concello
Tif. 981 610 000



Alfredo Novoa Gil

Economía e Facenda

Contacto: Casa do Concello
Tif. 981 610 000



Daniel Romero Cagigal

Obras Públicas

Contacto: Casa do Concello
Tif. 981 610 000



Ignacio Taboada Marzoa

Servicios Públicos

Contacto: Nave de Servicios - Xubín
Tif. 981 631 184



Esther Garrido Pan

Cultura e Participación Cidadá

Contacto: Casa do Concello
Tif. 981 610 000



Fernando Pico Eiroa

Ensino e Educación Ambiental

Contacto: Casa do Concello
Tif. 981 610 000



Elena Otero Viqueira

Servicios Sociais

Contacto: Casa do Concello
Tif. 981 610 000



Teresa Vázquez Maseda

Formación, emprego, sanidade e deporte

Contacto: Casa do Concello
Tif. 981 610 000



Antón Tenreiro Ferreiro

Turismo, Xuventude e Deportes

Contacto: C.C. A Fábrica
Tif. 981 636 598



le / Os novos concelleiros están á túa disposición para que lles traslades calquera asunto da súa competencia

va etapa

■ *Os case 7.500 votos de respaldo á Alternativa dos Veciños fixeron que Gelo volvese a ser Alcalde de Oleiros*

Reestablecida a normalidade

Gelo volve a ser o Alcalde de Oleiros, despois da controvertida sentenza que o apartou da vida oficial durante 6 anos. Os máis de 7.000 votos da súa candidatura fixeron posible que os veciños de Oleiros o volvesen a situar no lugar do que nunca —a xulgar de moitos— debiera ter saído. A formación da que é presidente, Alternativa dos Veciños, decidira que durante eses 6 anos fose o

principal asesor da alcaldesa, Esther Pita, que decidiu non presentarse ó proceso de primarias da Alternativa. Durante este tempo, o Goberno Central concedeu centos de indultos a condenados de toda índole, pero o de Gelo nunca chegou. Agora, o propio Manuel Fraga congratúlase na súa primeira xuntanza, de que García Seoane volvese a ser oficialmente o Alcalde de Oleiros.



Na inauguración da ampliación do Parque da Capela, en Montrove

Esther Pita foi a Alcaldesa de Oleiros durante os 6 últimos anos. Agora continuará vencellada ó Concello como asesora de **Servicios Sociais**. O seu último acto foi inaugurar a ampliación do Parque da Capela, en Montrove. Alí ceibou unha pomba branca, símbolo da liberdade. Pero tamén da pureza con que exerceu o cargo e da nobreza que nunca lle faltou como alcaldesa.

■ *Esther Pita traballará cos colectivos sociais, atendendo as súas suxerencias e proxectos*

Esther continúa no Concello

A nova función de Esther Pita no Concello será a de facer de ponte entre a Alcaldía e moitas entidades públicas e sociais que ela tan ben coñeceu ó longo dos moitos anos que leva exercendo a política.

Os últimos seis anos aumentaron a súa popularidade e son moitos os que manteñen distintos lazos afectivos coa exalcaldesa, que atenderá ós obxectivos que o alcalde lle propoña e estudiarán xuntos moitos temas, como fixeron desde que, a fins dos anos 70 se coñeceron no movemento veciñal.

A alcaldesa decidiu, por razóns persoais, non concorrer ás eleccións e así llo comunicara ós seus veciños de Santa Cruz na Asamblea Electoral Aberta para eleixir candidatos na súa lista da Alternativa.

Esa foi a súa primeira despedida, á que seguiron outros emocionados actos nos que tanto Esther coma Gelo se mostraron moi satisfeitos do período que remataba.

Cada un cumprira perfectamente o papel que os seus compañeiros da Alternativa dos Veciños lle asignaran: Gelo dirixía como asesor a política municipal da formación e Esther representaba á institución e exercía toda a responsabilidade o seu cargo de alcaldesa.

Atrás quedaban tantas acusacións da oposición, incrédula ó ver que a Alternativa saía indemne deste difícil e paradoxico proceso de acoso xudicial ocasionado tra-la recuperación da praia de Santa Cristina como espazo público.

Cada sincera felicitación ó novo alcalde levaba engadida o agradecemento a Esther por permanecer sempre preservando e defendendo a dignidade da Alcaldía de Oleiros, incluso en momentos difíciles como cando a oposición aprobou retirarlle o salario.

Desde a oposición

Seis concelleiros do PP e catro do PSOE continuarán na oposición despois dos apoios que conseguiron. En conxunto, estes dous partidos descenderon un concelleiro. A estes representantes correspóndelles o papel de control do Goberno Municipal, segundo os cánones que define a lexislación do Estado para as administracións locais.



Pablo Cobián Frenández de la Puente
PP



Juan Manuel Páramo Neira
PP



Sonia Suárez Noguero
PP



Pedro Martínez Varela
PP



Andrés González Varela
PP



Andrés Gutiérrez Iglesias
PP



Luis Vázquez Rodríguez
PSOE



Covadonga Díaz Varela
PSOE



Francisco Longueira
PSOE



José Manuel Ricoy
PSOE

Un acordo de 13 puntos para gobernar Oleiros con estabilidade

Alternativa e Bloque asinaron un acordo de Goberno para goberna-lo municipio con maioría absoluta durante os próximos 4 anos.

Este é un resumo dos 13 puntos que contén o acordo, logrado despois de 3 xuntanzas nas que participaron representantes de ambas as formacións políticas.

1. Profundizar na xestión urbanística, incluíndo a reforma do PXOM.

2. Continuar co papel activo do Concello de Oleiros no mercado da vivenda, para corrixir os desequilibrios do mercado.

3. O Goberno continuará unha decidida política medioambiental para conseguir máis espazos verdes.

4. Reclamar de Xunta e Goberno a mellora integral das infraestruturas viarias comarcais (Vía Ártabra, melloras na N-VI).

5. Mellora do transporte público, en diálogo coas institucións supramunicipais.

6. Dinamiza-la vida económica (fomentar a actividade produtiva e a creación de emprego e fomento da economía social).

7. O Goberno continuará construíndo equipamentos culturais e deportivos para a cultura, o ocio e o deporte.

8. O Goberno seguirá a desenvolver o seu labor de promoción do galego, baixo a responsabilidade do concelleiro do BNG.

9. O Goberno demandará da Xunta a creación de novas escolas infantís de 0 a 3 anos, ou construílas en caso de desidia da administración autónoma, reclamando apoio para o seu funcionamento.

10. Xestionar perante a Consellería de Educación novos Ciclos Formativos.

11. Elaborar un Regulamento de Participación Cidadá para continuar fomentando a implicación do movemento veciñal na xestión municipal.

12. Incorporar instrumentos para incrementar a calidade e a axilidade na prestación dos servizos.

13. A función do persoal de confianza nomeado cinxirá-se aos labores políticos que lles son propios, e terá limitada a posibilidade de intervir na vida administrativa do Concello, reservada aos funcionarios e ao responsable de cada área.

Por primeira vez, a mesma forza política gana en tódalas parroquias

Os resultados electorais

O repaso ós resultados electorais dos últimos tres anos permite comprobar que este ano truncou a pugna que mantiñan Alternativa e PP polo liderato político dalgunhas parroquias, como Oleiros, Nos, Iñás, Serantes e Maianca.

Como se pode ver no cadro, Alternativa foi a forza máis votada en tódalas circunscricións, especialmente nas máis urbanas e en Dexo.

Anos	AV			PP			PSOE			BNG	
	95	99	03	95	99	03	95	99	03	99	03
Perillo	1.162	1.303	1.734	1.075	911	846	369	314	496	232	387
Sta. Cruz	654	1.000	1.122	719	763	744	328	333	605	121	204
Montrove	362	386	575	330	356	407	116	176	236	69	95
Oleiros	447	488	581	531	540	468	136	146	198	39	63
Nos	648	585	953	542	841	712	461	345	452	154	162
Iñás	272	231	317	99	258	195	80	88	145	31	45
Dorneda	547	686	837	481	537	431	186	170	308	89	164
Serantes+Maianca	450	464	660	451	485	392	174	185	262	59	84
Dexo	339	440	505	203	260	175	109	86	145	18	29
Total do Concello	4.911	5.583	7.466	4.431	4.951	4.370	1.959	1.843	2.874	812	1.233

En **negriña**, a cifra máis alta de votos en cada parroquia nas 3 últimas eleccións. O BNG non se presentara en 1995.

O CMF dos Regos coordena as axudas a emprendedores

Unhas vinte empresas fóron constituíndose durante o pasado ano gracias á acción asesora do Centro Municipal de Formación e Emprego "Isaac Díaz Pardo".

Novos estímulos para o autoemprego



Emprego rural, un obxectivo do Proder

Fóron moitos os emprendedores que se achegaron ós Regos para solicitar información con vistas a crear unha empresa.

Alí funciona unha oficina de apoio ó desenvolvemento que axudou a varios veciños que andaban na cabeza co seu proxecto.

Algunhas empresas constituídas son comercios ubicados no Parque Luis Seoane, en Santa Cruz. Alí abriron desde un obradoiro de restauración de obxectos artísticos, "Quercus", unha mercería e unha peluquería.

En Caavamontes (Perillo) abreu unha nova parafarmacia, así como un taller de manualidades para nenos que se

chama "Lúa Pintada".

Están tamén en proceso de apertura unha tenda de artesanía en Perillo e un obradoiro de confección de cortinas e complementos semellantes.

O programa Proder

Así se chama unha iniciativa do Consorcio As Mariñas que tenta promover o emprego relacionado coa zona rural e accións empresariais que teñan que ver co medio natural. Está concebido tanto para empresas de nova creación, como para outras que aumenten a produción ou modernicen o proceso productivo.

As axudas previstas polo Proder non só van enfocadas a empresas, senón tamén a

proxectos que aproveiten os recursos naturais e culturais e iniciativas en xeral que desenvolvan as potencialidades endóxeas do territorio.

As axudas poden solicitarse ata o ano 2006, e poden ir destinadas á construción de inmobles, maquinaria, ordenadores, elementos de transporte, promoción de servicios turísticos ou artesanías, estudos de viabilidade, etc.

Os proxectos productivos poden acadar a metade da inversión necesaria, e para os non productivos, o 100%.

Para máis información, podes poñerte en contacto co Centro Municipal de Formación (981 631 706).

Taballo para mozos que nunca traballasen

Se coñeces algún mozo ou moza menor de 30 anos que nunca traballase, dille que se informe de cómo conseguir un ano de emprego a través do Plan Labora.

É ben sinxelo, gracias á colaboración da Xunta e o Concello, as persoas que nunca traballaron poden te-la oportunidade de facelo durante un ano

Infórmate no Centro Municipal de Formación e Emprego de Os Regos (981 631 706).

Unha enquisa para coñecer as necesidades xuvenís de transporte

A Concellería de Xuventude está a estudar mediante unha enquisa qué necesidades teñen os mozos e mozas de Oleiros en materia de transporte, tanto no interior do Concello coma no exterior.

A pretensión é dispoñer de máis servizos de interconexión entre os cámpus e outros centros de estudo do interior do municipio. Quérese promover a utilización de autobuses en detrimento dos coches particulares, o que, ademais de fomentar a economía doméstica, é moi beneficioso para o medio ambiente e para o estado do tráfico.

Na enquisa preguntáanse os lugares de residencia e de estudo, cómo se realizan os desprazamentos habituais e en qué horarios. Cada un pode tamén face-las suxestións que desexe.

Música 24h sen cortes publicitarios

Información de utilidade

Consellos

Actualidade local

Conecta con nós

101.5 fm


RADIOLEIROS



Fío Aberto co alcalde

Os xoves, ás 14h, fala co alcalde en directo.

Chama ó 981 631 078

e pregunta o que queiras.

Para agosto aínda quedan algunhas actividades. Infórmese no 981 610 000

Os obradoiros, de novo en setembro

Como cada ano, en setembro reiniciaránse os creativos obradoiros ós que tantas persoas maiores acoden. Teña a punto a súa memoria e lembre que pode realizar unha preinscripción cando o desexe.



Senderismo, unha actividade de éxito

Centos de veciños de todo o Concello apúntanse no outono a estes programas que buscan que as persoas se relacionen entre sí, aprendan técnicas artesanais ou busquen simplemente un intre de relax ou un motivo para rachar coa rutina diaria.

Tódalas Casas do Pobo ou centros culturais acollen iniciativas que van desde o coñecemento do tapiz gobelino ó encaixe de bolillos, pasando polo debuxo, pintura, fotografía, manualidades, confección da propia roupa ou outras

actividades. Pode facer unha inscrición previa, se ben a próxima convocatoria comeza en setembro.

■ Talleres de maiores

Os maiores teñen unha alternativa máis: os obradoiros. Todo o ano nas casas do pobo teñen lugar estes encontros, que se aproveitan para facer exercicios de memoria, tertulias, reforzo da lectura e a escritura, hábitos que veñen moi ben a calquera idade.

■ Actividade física

Durante todo o ano, as Casas do Pobo acollen programas con dúas sesións semanais de ximnasia de mantemento, unha sesión de ioga e relaxación, e mais dúas sesións semanais de natación, con transporte específico ata a Piscina.

■ Pode facer a inscrición previa para os obradoiros de outono



O edificio cando aínda estaba en obras

Abre Agarimo, o novo xeriátrico de Lamastelle

Aínda que a inauguración oficial das instalacións será realizada no outono, xa funciona a residencia xeriátrica que se construíra no edificio de Lamastelle que levaba anos abandonado.

O novo xeriátrico ten 154 prazas de residencia, e o seu centro de Día terá capacidade para acoller a 40 persoas maiores, e será aberto en breve.

O centro foi promovido por Caixa Galicia e forma parte da rede de xeriátricos que conta coa colaboración da Xunta de Galicia, coa que ten concertadas o 40% das prazas, ou sexa, 60.

Por outra parte, está xestionándose o que probablemente será outro centro destas características no entorno da Urbanización Rialta, en Arillo-Dorneda.

■ Excursións e senderismo

Para agosto e setembro aínda quedan algunhas accións de senderismo, pola Ría de Arousa e Camiño de Santiago. Infórmate e, se queres, participa.

Xa se realizaron a rota dos pazos, a dos muíños e outra polo Morrazo.

As excursións remataron o 12 de xullo, e nelas participaron 819 homes e mulleres maiores de 60, de tódalas parroquias. Fóron ó museo Massó de Bueu, Cangas, en barco pola ría de Vigo, A Mariña (Sargadelos, Burela...), o río Ulla, Lalín, Silleda e Carboeiro e Vigo.

Ouro olímpico na Policía Local

Un campión mundial de Kárate en Oleiros



Ouro en kárate. Ese foi o balance do participante de Oleiros nos Xogos Olímpicos de Policías e Bombeiros que se celebraron recentemente en Barcelona. Uns disputados xogos nos que o noso conveciño, Francisco Javier

González Reigada, ganou o primeiro posto na categoría de menos de 65 kg. Cando chegou a casa, o alcalde, Angel García Seoane, simbolizou nunha sinxela homenaxe a satisfacción dos seus veciños e compañeiros.

A mellor colección de cerámica popular española, á túa disposición nas Torres de Santa Cruz

Coñecer un museo único



A interesante colección de cerámica que acocha o Museo dos Oleiros “José María Kaydeda” é única en España. Por eso quérese fomenta-lo seu coñecemento e impulsar o seu carácter de atractivo turístico.



Unha das salas do museo

■ *A colección complementase cun alfar no que se dan cursos durante todo o ano*



■ Xuntanza de Gelo con Pérez Varela

O conselleiro de Cultura e Turismo da Xunta, Jesús Pérez Varela, dixo ó alcalde que estudiaría con moito interés a información sobre o Museo para convertilo nun centro oficialmente recoñecido pola Xunta e que pase a figurar nas guías oficiais do país.

Gelo, que entregou ó máximo responsable cultural da Xunta un completo informe, chegou de Santiago co convencemento de que Pérez Varela apoiará a xestión do museo para que se convirta en cita obrigada para todo curioso ou estudioso que desexe coñecer algo máis dos oficios tradicionais.

Como Pérez Varela tamén coordinará os traballos do Xacobeo, o alcalde aproveitou para preguntarlle polos plans de concertos, lembrando o importante escenario de Santa Cristina. Pérez Varela garantizoulle que o próximo ano, o noso areal verá novos concertos, xa que durante este ano fóron anulados para destinar máis fondos á causa provocada pola catástrofe do Prestige.

O Museo está ahí para que o visites, xa que a importante colección de cerámica pode servir para que coñezas un pouco máis dos diferentes pobos de España, con cadansúa cultura material.

José María Kaydeda e Teresa

Jorge dedicaron máis de 30 anos da súa vida a facer esta colección, que conforma por ela mesma un magnífico museo etnográfico.

Hai pezas de todas as comunidades autónomas. Están acompañadas por un mapa que nos indica o número de alfares (centros de produción das pezas).

Desde o barro bermello do norte da Península, máis rico en ferro ata o barro branco, máis rico en sal e propio de máis ó sul, pasando polo barro negro, un proceso artificial resultante de bañalas pezas despois da súa fornada.

Entre as pezas que se atopan, poden contemplarse as candieiras de Andújar (Jaén); os cántaros de Mota del Cuervo (Cuenca), Palma del Río e Lebrija (Sevilla); as figuras antropomórficas de Lanzarote ou algunhas pezas precolumbinas.

Nas salas do museo tamén hai espazo para as chiculateiras de Faro (Asturias) ou a ola de maza-lo leite de Mondoñedo, con tapa de madeira.

As suxerentes formas animais das xerras de Villafranca de los Caballeros (Toledo) ou os botijos de Sorbas (Almería), as lámparas e trompetas de Bonxe; as xerras de Villarrobledo (Albacete) ou as de Gundivós falan da vella relación do home co viño, como tamén as pezas para transportar ou beber auga de Montehermoso (Cáceres), ou as botijas de Toro (Cáceres); e incluso hai mostras dos ladrillos de barro e palla con que se construían moitas casas de adobe. No museo hai dous exemplares de adobe de Navas del Marqués, en Cáceres.

Os cazolos e as aceiteiras de Niñodagua falan do pasado do noso país, pero unha das pezas máis sorprendentes é a parideira de Úbeda (Jaén), un instrumento de barro que utilizaban as matronas para axudar a trae-los nenos ó mundo.

En fin, unha visita obrigada para un intre de ocio, ou para recomendar a eses visitantes que recibimos na nosa casa durante o verán.

Case 300 xóvenes participaron na II Edición de Ocioleiros

Ocioleiros catou a mellor cervexa checa

As cervexarías, algúns museos e sobre todo as rúas de Praga xa votan de menos a estes veciños novos que ganaron a viaxe. Elas chegaron un tanto decepcionadas polo serios que eran os checos, pero eles viñeron encantados polo carácter feminino do país: case todos ligaron.

O comentario máis xeneralizado foi a gran educación cívica que se respira na Chequia. Un civismo que se traduce nunha exquisita limpeza urbana, no civilizado respecto á arquitectura e o urbanismo, e no respecto ó patrimonio público. Quen máis quen menos viña repetindo o tópico de -Cánto temos que aprender!.

O primeiro día realizaron unha visita guiada á cidade e o

castelo de Karlsteju, a 30 km da capital. Logo visitaron o Teatro Negro, presenciaron algúns concertos de jazz e moitas cervexarías.

Tamén se trasladaron á cidade balneario de Karlovi Bari, unha das máis importantes de Europa, donde coincidiron co seu glamuroso festival de cinema.

Os días libres decorreron entre rúas, museos, cervexarías e espectáculos, ata completar unha semana de xantares moi picantes e nun espléndido hotel de 4 estrelas. E segundo contan, moito, moito ligoteo coa poboación local.

Os cincuenta mozos e mozas que por sorteo ganaron en Ocioleiros unha viaxe a Praga xa están de regreso. Na capital checa deixaron moitas lembranzas inesquecibles.



Algúns dos viaxeiros a Praga

■ *Os 50 gañadores do sorteo de Ocioleiros, con ganas de volver a Centroeuropa*

■ *O espírito cívico do país foi o que máis sorprendeu, polo contraste do que ocorre entre nós*

Infórmate e participa

Voluntariado, Un camiño de participación



■ *Podes facerte voluntario no Concello de Oleiros. Infórmate no 981 610 000*

Por **Mar Barreiro**
Coordenadora de
Voluntarios de Oleiros

Cando se fala de voluntariado debese ter en conta que a acción voluntaria contribúe a organizar e dinamizar a sociedade civil mediante a participación cidadá, dado que a persoa voluntaria, a través da súa acción, está a participar na mellora do benestar social e calidade de vida de moitas persoas que viven nela.

O concepto de participación está ligado á construción da cidadanía e os cidadáns deben ter cauces institucionais suficientes para a expresión dos seus intereses e opinións. A participación non só se vincula á capacidade de elixir, senón á posibilidade real de incidir sobre o seu entorno, é dicir, este concepto, se relaciona coa acción responsable e coa capacidade de escoller e manter outras

vías de representación e interlocución cos poderes públicos. É polo tanto, un claro indicador de desenvolvemento democrático. Neste sentido a sociedade no seu conxunto, enfréntase a unha tarefa moi importante por levar a cabo: ampliar e mellorar os espazos de participación; e o voluntariado é un dos motores que promove e apoia a participación cidadá entendida como estratexia global de cambio e de crecemento alternativo. Os voluntarios/as, son persoas que desempeñan unha tarefa desinteresada na sociedade, o son pola súa condición de cidadáns. Na medida en que existan cidadáns responsables, querrán non só axudar a unha determinada tarefa, senón decidir as prioridades e o enfoque desta. Simplificando, atendendo ó término actual de persoa voluntaria, non pode existir

voluntario/a sen organización e só se é voluntario/a cando un se asocia.

Por este motivo, é necesario que existan organizacións, asociacións, entidades,... ónde se poidan dirixir todos aqueles cidadáns que estén interesados/as en contribuir de algún modo no desenvolvemento da súa propia comunidade.

De esta maneira sempre ocorreu no Concello de Oleiros, municipio que conta cun gran abanico de asociacións, entidades,... e de esta maneira, está a traballar o Servicio Municipal de Voluntariado dende a súa creación no ano 2000, estimulando os diferentes valores sociais dos cidadáns de Oleiros: participación, solidariedade, sensibilización,... e servindo como interlocutor, facilitando a comunicación entre o veciño/a e a comunidade.

Cinema ó aire libre e unha extensa programación xuvenil para a estación máis lúdica e relaxada do ano

Aproveitemo-lo verán que queda

A Escola de Música tivo un xullo cheo de actividades, con cursos de jazz, música moderna, clásica e concerto final.

Para os máis pequenos houbo campamentos urbanos, ademais doutras actividades de todo tipo, aínda que as máis demandadas e queridas son as deportivas.

En xullo tamén houbo cinema ó aire libre en Perillo, Iñás, nos, Mera e Lorbé.

■ Cinema en agosto

"Harry Potter y la cámara secreta" (venres 1, Parque de Os Regos), "Solaris" (sábado 2, Praza da Constitución, Montrove), "Las dos Torres" (sábado 9, Parque Luis Seoane, Santa Cruz), "Un niño grande" (luns 11, Praza de A Rabadeira, Oleiros), "Señales" (xoves 14, Pista Polideportiva de Dexo), "Chicago" (xoves 21, Parque José Martí, Santa Cristina) e "Eveling" (venres 22, Casa do Pobo de Dorneda).

Un total de 95 actividades de ocio e tempo libre conformaron a oferta do Concello para este verán dirixida á poboación de tódalas idades, pero especialmente para os escolares. Ofrecémoslles unha escolla do que queda por disfrutar.



■ Excursións e campamentos

Do 3 ó 7 de agosto, excursión ás Fragas do Eume (11-14 anos). Os 13,14 e 15, campamento "A Cova do Ladrón" (Dexo - 7-10 anos).

O 18 minicampamento "As Torres". Sta. Cruz (3-6 anos). E 25,26 e 27 campamento "O Caldeirón II". Dexo (7-10 anos).

En setembro, do 1 ó 5, excursión á Baixa Limia Xurés. Vilar de Santos. (11-14 anos). Os días 9 e 10 minicampamento "Punta Bufadoira". Mera. (3-6 anos).

■ Convivencias culturais

Destinadas a rapaces e rapazas de 4 a 12 anos. Durante o mes de xullo tiveron lugar nalgunhas parroquias, e en agosto celebraránse as seguintes:

Do 30 de xullo ao 12 de agosto, C. Cívico Santa Cruz: 10-12h. (7-12 anos) 12-14h (4, 5,6 anos)

Do 13 ao 27 de agosto. Casa do Pobo de Dexo: 10-12h. Casa do Pobo de Mera: De 12-14 h.

Do 28 de agosto ao 10 de setembro Casa do Pobo de Dorneda: 10-12 h. Casa do pobo de Nos: 12.15-14.15 h.

■ Teatro para pequenos

Durante o mes de Agosto. Luns, mércores e venres. No Teatro As Torres, de 12 a 13,30h. Imparten os alumnos do Grupo Estable de Teatro, logo do éxito do ano pasado.

■ Obradoiro de alfarería

En outubro dará comezo este obradoiro, que ten lugar no novo alfar do Museo dos Oleiros, no Centro Cultural As Torres, de Santa Cruz. Celebrarase os luns e martes de 16,30 a 18,30 e de 18,30 a 20,30. Impartido por José Luis Rivas. As inscricións pódense facer durante o mes de setembro.

■ Nova Directiva do Coro de Oleiros

Como consecuencia deste cambio, o seu novo presidente, Antonio Ramos Santiago, comunica o seu novo enderezo social, en Rúa da Cruz, 10, Oleiros. Para a comunicación postal poden utiliza-lo Apartado 18 (15172 Perillo) ou mesmo o enderezo electrónico anrasa@eresmas.com.

■ Xuventude propón un campamento en Boiro

Terá lugar do 17 ó 20 de agosto, para rapaces de entre 14 e 17 anos. Será no albergue xuvenil "Espifeira", cun prezo de 100 euros co transporte, o aloxamento e a manutención.

■ Ver as estrelas

Como continuación do curso de astronomía, o 3 de setembro haberá unha observación astronómica ó pé da ría, nos arredores da Fábrica. Si o desexas, podes ir aínda que non teñas nin idea.

Nos primeiros días de agosto realizáronse os obradoiros ambientais de reciclaxe de papel, estampado de camisetas e realización de caixas niño e prantas medicinais.

Obriga de trasladar alí os refugallos

O Punto Limpo é para ti

Moitos cidadáns non coñecen aínda o Punto Limpo, situado na rúa que une Oleiros con Iñás, Fonte do Ouro. Témolos obriga de deixar alí os refugallos que non poden depositarse nos contedores convencionais.



Loitar contra os vertedoiros incontrolados, obriga de todos.

Aínda que a utilización dos puntos limpos por parte dos veciños estase a ver incrementada, son moitos os que descoñecen as características dos mesmos, as veces é esta falta de información a que os leva a non utilizalos.

Estas instalacións naceron para facilitarlle ós veciños o depósito de

aqueles residuos, tanto asimilables como urbanos que teñen difícil cabida nos contedores convencionais e no tratamento do residuo sólido urbano.

Todos temos a obriga de depositar neles os residuos que non teñen cabida noutros contedores.





Foto: Tito

Os mozos olímpicos

Os nosos remeiros olímpicos

Iván Núñez, Jacobo Maceiras, Guillermo de Casas, Unai Lazeta, Pablo X. Alonso, Samuel Serviá, Fernando Sánchez e Jose Antonio Martínez recibiron con motivo da XIII Bandeira de Traíñas "Concello de Oleiros", unha homenaxe por parte do Concello, estes oito chavales da Escola Municipal de Remo acadaron a medalla de bronce en catro scull nas categorías cadete e xuvenil no Campionato de España de Remo Olímpico disputado no Lago de Bañólas en Girona.

Este foi sen dúbida o maior éxito deportivo acadado pola canteira de remo en Oleiros, ó que lle hai que engadir a participación de Unai Lazeta coa selección española de remo en categoría cadete



Perillo tamén participou na Bandeira

Foto: Tito

A **Bandeira do Concello, para o sur**, Samertolomeu de Meira foi a tripulación ganadora da décimoterceira edición da Bandeira de Traíñas Concello de Oleiros, que tivo lugar o 25 de Xullo en augas de Santa Cristina... A traíña local, Perillo, quedou en 3ª posición dun campionato no que tomaron parte nove embarcacións de Galicia e Asturias. En segundo lugar quedou o CM de Bueu, e do cuarto en diante: Náutico de Vigo, Ares, A Cabana de Ferrol, S.Felipe de Ferrol, Castropol e As Xubias.

Quedan 6 campionatos

Pasado xa o ecuador do verán, temos aínda tempo de disfrutar dalgún espectáculo deportivo, aínda que provas sobranceiras como a Bandeira de Traíñas Concello de Oleiros xa tiveron lugar o 25 de Xullo, Día da Patria.

■ **XXXIV Torneo de fútbol do Concello de Oleiros.** Deu comezo o sábado 26 de Xullo, e nel participan tódolos clubs de fútbol do municipio. As finais están previstas para os días 30 e 31 de Agosto.

■ **O Torneo Inter-municipal de chave** foi o día 9 de Agosto nas Torres (Sta. Cruz), a partir das 11:00 horas. Participaron seleccións da Coruña, Cambre, Culleredo, Oleiros, Arteixo, Cerceda, Carral, Bergondo, A Laracha, Carral e Ordes. É un torneo rotatorio, correspondendo este ano a Oleiros a súa organización.

■ **Torneo de Chave Concello de Oleiros.** Foi o día seguinte do anterior, o 10 de Agosto a partir das 12:00 horas no Pavillón de Oleiros, coa participación de tódolos clubs de chave do concello.

■ **XIII Triatlón "Concello de Oleiros".** Unha das probas de máis sonda de cantas se celebran no Concello. Este ano será o 6 de setembro en Sta. Cruz a partir das 16:00 horas, coa participación dos mellores triatletas galegos e aberto á participación popular. Probas de 500 m de natación, 20 km de ciclismo e 5 km de carreira.

Máis propostas, máis acción

■ **Cursos de Kayak de Mar:** (Obrigatorio saber nadar). En Sta. Cruz, luns-venres de 10 a 12h (10-14 anos), e de 12 a 14h (15-18 anos) 4-15 e 18-29 Agosto.

■ **Excursións en Kayak de Mar:** Maiores de 18, ou de 14 cun adulto acompañante (Obrigatorio saber nadar). Saída de Bastiagueiro. Mércores ata o 27 de Agosto, de 17 a 20h.

■ **Acuática infantil** (3, 4 e 5 anos): Piscina de Perillo. Luns e mércores agosto ás 12h.

■ **Cursos Natación con transporte** (6-12 anos): Piscina de Perillo. Agosto. Luns, mércores e venres 10h transporte incl. para zona Este.

■ **Cursos de Natación** (6-12 anos): Piscina de Perillo. Agosto: Martes e xoves 10 h.; luns, mércores e venres 11 e Martes e xoves 11 h.

■ **Curso de Fútbol** (6-12 anos) Agosto: Rialta, martes e xoves 10:30-11:30; Dexo, luns e mércores 10:30-11:30; Sta. Cruz (Pabillón Arsenio Iglesias), martes e xoves 12-13 h; Nos (Casa Pobo), luns e mércores de 12-13 h.; Serantes (Canide), luns e mércores de 12-13h.

■ **Patinaxe.** 6-12 anos. Agosto: Lorbé, luns e mércores de 12-13h. Rialta, luns e mércores de 10:30-11:30h. Nos, martes e xoves de 10:30-11:30; Dos Regos, martes e xoves de 12-13h.

■ **Baloncesto** (de 12 a 18 anos) En agosto, luns, mércores e venres de 10:30 a 11:30 no pavillón de Perillo.

■ **Volei-praia** (10-14 anos) agosto, luns, mércores e venres, 10-12h. Bastiagueiro.

■ **Volei-praia** (máis de 15 anos). Bastiagueiro, 12-14 h., 1-14 Agosto, de luns a venres.

■ **Iniciación Body-Board** (11-17 anos). Bastiagueiro. 11-15 Agosto, 18:30-20:30. 25-29 Agosto, 18:30-20:30.

■ **Roteiros deportivos.** (11-16 anos). Actividades multideportivas. Cada roteiro durará unha semana (de luns a venres, 9-14h. 4-8 Agosto. (Desde o pavillón de Perillo). 18-22 Agosto. (Desde o pavillón de Sta. Cruz).

■ **II Trofeo de balonmán** do Concello de Oleiros "Juan de Dios Román", que terá lugar os días 6 e 7 de setembro no pavillón Valle Inclán de Perillo, coa participación do Tumosa Oleiros, o Calvo Xiría de Carballo, Fadesa Oar Coruña e Frigoríficos Morrazo Cangas. Horario das finais do Domingo a partir das 12:00 horas.

■ **Torneo de Tenis de Mesa** Concello de Oleiros, 27 e 28 de Setembro, con tódolos clubs de Galicia e a colaboración do Club Breogán de Oleiros.

Percorrendo Oleiros | 5

A Marola

Achegarse á mítica illa de Dexo a bordo dun kayak de mar

Unha viaxe de iodo

O refrán mariñeiro lembra que quen pasa A Marola, pasa a mar toda. O saber popular nunca se equivoca, pois o primeiro que se percibe cando te achegas remando illa son as súas fortes correntes. David García Rey cóntanos o seu paseo con kayak.

Entre os verdes e brancos cantís de Dexo e A Marola, a plataforma mariña é pouco profunda e está salpicada de continuos baixos que deixan as rochas nugas co baile intermareal e no inverno provocan que as ondas se alcen sobre a superficie antes de explotar contra os acantilados e querer toca-lo ceo.

Esta escasa profundidade entre a illa rochosa e a costa provoca que a auga que sae da ría de Ares e Sada circule a grande velocidade pola canle entre a illa e terra firme, e choque ó seu tempo con outras correntes que veñen de mar aberto ou das rías do norte. O navegante a remo ten a sensación de que outra forza allea ó vento e ás mareas tenta tamén gobernar-lo seu barco.

Ó achegarse á illa, un arume sutil pero intenso procede da mestura da auga salada, pequenas prantas resistentes á salinidade, finas porcións de terra que o vento foi depositando e excrementos das donas e señoras da illa: as gaivotas

que se confunden co aire creando unha atmósfera de peculiar loita de olores entre a terra e o mar.

As primeiras rochas do fondo déixannos ver timidamente que unha gran fauna

protexido polos continuos temporais: percebes do tamaño dun puño, formando piñas como bidóns.

Ó bordear-la illa e dirección noreste, antes de desembarcar, descubrimos que non está

o que primeiro recibe as embestidas do oleaxe. O segundo, situado a ponente, máis perto que o primeiro, separado apenas 4 ou 5 metros da illa principal. Ambos forman dúas canles nas que os percebes nótrense das correntes e os corvos mariños, para non discutir coas gaivotas, secan as súas plumas logo dunha festa de escamas e espiñas.

No remate da segunda canle atopámonos de novo mirando a terra, e descubrimos un dos poucos puntos accesibles para poñer pé na Marola.

Estamos mirando ó sur, polo que a forza do mar é menor. Se non levas un bó calzado, os pés non son ben recibidos. As rochas descarnadas polos elementos frágilmente polas súas formas puntigudas que se misturan con outras máis suavizadas e redondeadas. O noso camiñar é máis torpe ca o dun pingüino. Facémolo a saltos, como se estivésemos pisando brasas.


Unha pronunciada rampa conduce ó máis alto

da illa, e ó final de esta, xusto donde comezan os primeiros brotes de herba, somos recibidos polo milagre da vida: un sinfín de niños de gaivota, salpicados por unha indeterminada cantidade de oscuros ovos pigmentados e algún ca outro inmóvil poliño. Nos niños, a confusión: restos da civilización que se mixturaran coas ramas que os forman.

A illa non é moi ampla, pero sí suficiente. Rochas de grandes dimensións amenazan con caer ó mar. Pequenas pingas de terras arrastradas polo vento. Arbustos pretos, dun verde escuro. Herbas finas e duras de distintos tons, e moito iodo por todas partes. Demasiada vida para tan pouco espazo.

Unha rocha sobresae sobre a irregular e exigua planicie. No máis alto, o premio é infindo: mar por todos os lados, vento en tódolos rincóns... a liberdade debe parecerse a esto.

Cando a emoción abandona, berros e máis berros de alborotadas gaivotas nos devolven á realidade. Este é o seu territorio. É hora de marchar.



A Marola, desde o ceo

marina

convertiu ese leito rochoso no seu fogar. Xa máis perto, tanto que coa pá do remo podemos toca-la illa, mostrannos un tesouro ben

sola.

Outras dúas porcións de rocha escoltana e acompañana na súa soidade oceánica. O primeiro dos pequenos illotes está en dirección mar aberto. É

Ollo! O refraneiro ten razón

— ¡Pero ollo! O refraneiro non advirte de balde, é aconsellable que a xente que se aproxima á illa, tanto a motor como a golpe de remo, prescinda de realizar o perigoso desembarco nas rochas, e se conforme con ver de preto a beleza deste paraxe.

— Incluso coa mar en calma esta manobra deberá quedar reservada a persoas con experiencia mariñeira, cando parece que non hai ondas, alí están, infalibles, batendo a nosa chalana camiño das rochas.

— Aconsellamos tamén non circular pola zona, entre a illa e a propia costa, xa que é unha zona con moitos baixos rocosos, e polo tanto as rompentas das ondas son se cabe máis fortes e perigosas,

— En caso de acudir con xente experta, e se decidimos desembarcar, é importante levar calzado apropiado (botíns de neopreno, tipo "escarpíns", ou deportivas), evitando os cortes nos pes, debido á gran cantidade de mexillóns aderidos ás rochas, ou ós posibles roces coa propia rocha.

— Obrigatorio por suposto, levar o chaleco salvavidas, aparte de ser unha medida de seguridade fundamental, debemos ter en conta que non sería estrano sufrir algunha caída ó mar, xa que no intre do desembarco, teremos que realizar un pequeno salto desde a embarcación.

— Tamén aproveitaremos os avances tecnolóxicos, en especial o móbil, para quitarnos dalgún apuro. Chamando ó 112 (que sempre ten cobertura) poden auxiliarnos en caso de perigo Protección Civil ou Cruz Bermella.

— Convinte que un dos nosos acompañantes quede no barco para evitar sorpresas. Hai que estar pendientes da evolución do vento. No verán predomina o nordés, que tende a levarnos perto da costa, polo que hai que estar ben atentos, para non atoparnos de súpeto enriba das rochas.

A memoria do castelo

O Castelo está rascando o miolo para recuperar toda a memoria que as súas pedras veteranas son capaces de lembrar. A lexendaria historia será recollida nunha exposición que abrirá as súas portas a fins de agosto.

O Castelo, en 1906

A mostra xirará entono ás figuras que conformaron a historia do Castelo a través do tempo. Primeiro, a alongada sombra da Armada Invencible, seguida da decisión de construír un forte para protexer-la Coruña, xunto cos de San Antón e San Diego.

Os ataques piratas posteriores, a esencia do Corsario Drake e mesmo os cañonazos do Barraco —nome da potente arma que defendía o forte— contra o Bispo de Burdeos, desfilarán

polas salas empedradas do Ceida, como tamén o abandono do forte e a súa reconversión en Pazo-Castelo, no que a Pardo Bazán produxo algunha das súas memorables páxinas.

A maqueta ambiental de Oleiros e unha nova maqueta do Castelo formarán parte da zona máis actual da exposición, destinada a falar do Ceida e a función actual do simbólico edificio.

De maneira simultánea, outra sala recollerá un paseo pola memoria fotográfica de Santa

Cruz, para que o visitante poida percorre-lo entono máis inmediato, non só físicamente, senón a través do tempo. Interesantes instantáneas sobre a vida diaria do pobo nas diferentes épocas.


Terémo-la oportunidade de revisa-la historia dunha das máis sobranceiras señas de identidade de Oleiros, unha antiga edificación militar reconvertida en ámbito de cultura, medio ambiente e relax.

Drake e Norris atacaron A Coruña cunha potente flota

Ao mando da expedición de represalia polo ataque da Armada Invencible estaban o Almirante Norris e o corsario Sir Francis Drake, nomeado cabaleiro pola propia raíña Isabel.
Frente á gran escuadra inglesa atopábanse na baía coruñesa naves superviventes da "invencible", entre elas o Galeón San Juan.



Francis Drake, Felipe II e Dona Emilia Pardo Bazán



Papeis e cartóns, ó caixón azul

Vidro ó iglú verde

Restos orgánicos, ó contedor de tapa verde

Inertes, ó contedor de tapa laranxa.

Pilas nas Casas do Pobo ou establecementos colaboradores

Lembra!

- Non tire-lo lixo os sábados nen vésperas de festivos
- Respete os horarios (entre 9 e 12 da noite)

Un servizo municipal xestionado polo Consorcio As Mariñas. Tlf. 981 783 455